

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE MAIO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a oito de maio de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de abril de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto de execución da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN EN PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO”, redactado polo

enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con data abril de 2025, cun importe global de CENTO CORENTA E CINCO MIL OITOCENTOS ONCE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (145.811,20 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes lotes e respectivos conceptos:

Lote 1 – Execución de nova pista de pádel exterior (48.391,83 €)

✓	Execución por contrata:	46.498,18 €
✓	Honorarios de proxecto:	1.288,65 €
✓	Honorarios dirección de obra e CSS:	605,00 €

Lote 2 – Execución de elemento de cubrición para a protección de ambas pistas de pádel (97.419,37 €)

✓	Execución por contrata:	88.610,57 €
✓	Honorarios de proxecto:	6.025,80 €
✓	Honorarios dirección de obra e CSS:	2.783,00 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 06/05/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

3.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que por acordo deste órgano, adoptado na presente sesión, foi aprobado o proxecto técnico de execución da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN EN PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con data abril de 2025, cun orzamento total de execución por contrata de CENTO TRINTA E CINCO MIL

CENTO OITO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (135.108,75 €), IVE incluído.

A Deputación Provincial de Pontevedra, por resolución de data 15/04/25, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra (lote 1) por importe de 31.764,58 € ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOP núm. 245, correspondente ao día 22 de decembro de 2023 – Expediente núm. [REDACTED]. Asemade, por acordo da Xunta de Goberno do organismo provincial, adoptado en data 21/04/25, concedeu unha subvención para dita obra (lote 2) por importe de 88.610,57 € ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOP núm. 206, correspondente ao día 22 de outubro de 2024 – Expediente núm. [REDACTED].

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de “*promoción do deporte e instalacións deportivas (...)*”, segundo o establecido no artigo 26.1 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto das subvencións concedidas para tal fin pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Licitar dito investimento dividido por lotes segundo a seguinte desagregación:

- ✓ Lote 1: Execución de nova pista de pádel exterior, cun orzamento de execución por contrata de 46.498,18 €, IVE incluído.
- ✓ Lote 2: Execución de elemento de cubrición para a protección de ambas pistas de pádel, cun orzamento de execución por contrata de 88.610,57 €, IVE incluído.

Terceiro.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

4.- CONCESIÓN DE SEGUNDA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Con data 30 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado *“REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”*.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouuse o día 4 de novembro de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en tres (3) meses, contados a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 5 de febreiro de 2025, concedeuse unha primeira ampliación ata o día 4 de maio de 2025.

4º.- En data 30 de abril do corrente (RE-E núm. 289), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

5º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 01/05/25, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha segunda ampliación, ata o día 4 de xullo de 2025, no prazo de execución da obra denominada *“REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”*.

5.- SUBSTITUCIÓN DE MEMBRO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 13 de marzo do corrente, designouse a José Albor González como vogal do Tribunal cualificador para a provisión temporal dos postos de traballo de peón/a de servizos diversos, financiados ao abeiro da liña 3 do Plan +Provincia 2025. A situación actual de baixa laboral por incapacidade laboral (IT) de dito

traballador aconsella proceder a súa substitución ao obxecto de non prexudicar a axeitada composición do Tribunal referido.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar a Don Francisco Lorenzo Eiriz como vogal do Tribunal en substitución de Don José Albor González.

6.- CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

— Claudio Fernández Vence

VISTA a solicitude presentada por Don Claudio Fernández Vence (RE núm. 609, do 24/01/25), e a proposta de resolución emitida con data 25/04/25 pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don CLAUDIO FERNÁNDEZ VENCE, con DNI núm. ██████████, veciño do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

— María Luisa Paz Pereira

VISTA a solicitude presentada por Dona María Luisa Paz Pereira (RE núm. 634, do 02/05/25), e a proposta de resolución emitida con data 05/05/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA

LUISA PAZ PEREIRA, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Arcas, parroquia de Guillar.

7.- EXTINCIÓN DO SERVIZO, POR RENUNCIA, DE USUARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

Por escrito de data 24 de abril do corrente (RE núm. 606), Dona Rosa Mejuto López, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Bardelás, parroquia de Carboentes, renuncia a súa condición de usuaria do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), modalidade de dependencia, que lle fora concedido por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 18 de decembro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que o artigo 11.1 a) da Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar (BOP núm. 250, do 30/12/15) establece como causa de extinción do servizo “a renuncia da persoa usuaria”, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dispoñer a extinción do servizo de axuda no fogar que se estaba a prestar á usuaria Dona Rosa Mejuto López.

Segundo.- Notificar dita extinción ao órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade para que dite a correspondente resolución do Programa Individual de Atención (PIA).

8.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 4 correspondente á obra de “Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba,

Carboentes, Asperelo e Arnego”, incluída no Plan Máis Provincia 2024, por importe de CENTO DOUS MIL CORENTA E OITO EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (102.048,28,00 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 102.048,28 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-0103 (FACe), de data 10/04/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

9.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 3 correspondente á obra de *“Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme”*, incluída no Plan Concellos 2023, por importe de TRINTA E SETE MIL DEZ EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (37.010,84 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 37.010,84 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-97 (FACe), de data 10/04/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

10.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS CORRESPONDENTE AO ANO 2025

Observado un erro aritmético no acordo que sobre o particular foi adoptado por este órgano na sesión celebrada o pasado día 26 de marzo do corrente, procede a corrección do mesmo, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En consecuencia, debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe emitido pola traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández en data 08/05/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Rectificar de oficio o erro aritmético existente no acordo adoptado por este órgano, na sesión celebrada o día 26 de marzo de 2025, e xa que logo, solicitar da Consellería de Política Social e Igualdade unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal por un importe global de TRESCENTOS SEIS MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS (306.961,00 €), coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Traballadora social	33.630,00 €
Educadora social	16.815,00 €
Mantemento	500,00 €
SAF Básico	50.000,00 €
SAF Dependencia	200.016,00 €
Xestión de programas	6.000,00 €
TOTAL	306.961,00 €

Segundo.- Manter a vixencia dos restantes acordos adoptados en dita sesión en relación co asunto de referencia.

11.- APROBACIÓN DAS BASES DO “I CONCURSO DE Camburguer – II SABOR LABREGO”

Os obxectivos principais da iniciativa responden á promoción da gastronomía local e dos produtos locais, á dinamización do sector hostaleiro local e á promoción turística e comercial do Concello.

A concelleira Sra. Vázquez López manifesta que non pode adoptar unha posición sobre este asunto ao carecer totalmente, ata o momento da presente sesión, de calquera información previa sobre a decisión de levar a cabo dita iniciativa nin sobre as súas características, polo que anuncia a súa abstención. A concelleira Sra. Hermida Deza adhírese ao anteriormente manifestado.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, pola maioría de dous votos a favor (Sres. Camiñas Vázquez e Lamazares Casero) e dúas abstencións (Sras. Vázquez López e Hermida Deza), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do “*I concurso de camburguer – II Sabor Labrego*”, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o correspondente gasto, por importe máximo de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), imputable á partida presupostaria 330/226 do orzamento en vigor.

ANEXO

BASES DO “I CONCURSO DE Camburguer – II SABOR LABREGO”

Ponse en marcha o I Concurso de Camburguer de Rodeiro, organizado pola Concellaría de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade do Concello de Rodeiro.

1. OBXECTIVOS

1.1 Dar a coñecer o potencial gastronómico do pobo de Rodeiro a través da promoción de produtos locais de recoñecida calidade, neste caso, tenreira galega suprema, a carne de vaca, e outros produtos de cercanía, queixos, verduras...etc.

1.2 Impulsar o sector hostaleiro local e o sector produtivo primario.

1.3 Consolidar esta iniciativa facer dela unha ferramenta de promoción turística, comercial e de desenvolvemento.

1.4 Converter Rodeiro en Destino turístico pola gastronomía, a paisaxe e a Historia.

2. O CONCURSO E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

2.1 Nesta iniciativa participan aqueles bares e restaurantes do Concello de Rodeiro que así o desexen. O éxito dependerá, en gran medida, da presentación, elaboración, servizo e creatividade da tapa que cada hostaleiro/a presente. Deberán ter presente que o seu esforzo será recompensado coa mellora da imaxe do seu colectivo e o incentivo que supón a idea de chegar a un maior número de clientes.

2.2 O prazo para a inscrición levouse a cabo entre os días 11 e 16 de abril de 2025.

2.3 Mantivéronse distintas reunións cos hostaleiros locais e chegouse á conclusión de ter un concurso de mini hamburguesas no que se terá en conta os tres seguintes parámetros:

1º O prezo fixarase entre 3 a 6 euros.

2º O diámetro de hamburguesa e do pan debe ser de entre 5 a 8 centímetros.

3º O peso da carne estará entre os 50 e 80 gramos.

2.4 O día 6 de maio realizáronse as fotografías nos locais participantes e recolleuse a información que figurará nos carteis promocionais e que se publicará nas redes sociais.

2.5 Cada establecemento presenta ao concurso unha soa mini hamburguesa.

3. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As datas que se propoñen para o desenvolvemento do concurso serán as seguintes: 9, 10, 11, 16, 17 e 18 de maio, dentro da programación do II Sabor Labrego. Todas as mini hamburguesas serán realizadas aproveitando, na medida do posible, os fantásticos produtos do concello. Coincidindo coas datas de realización do concurso o Concello de Rodeiro promoverá a realización de eventos relacionados coa cultura e o patrimonio co fin de vincular a distintos sectores da vida municipal no obxectivo de impulsar as potencialidades do noso pobo.

3.1 Nesta edición non haberá xurado profesional.

3.2 Os establecementos comprométense a ter á disposición do público, e en cantidade suficiente, a hamburguesa coa que participan durante os días de duración do evento e servirán as hamburguesas cada un nun horario que será publicitado con cartelería no seu local e tamén nas redes sociais. Preténdese, con isto, que cada establecemento poda adaptar os horarios ás súas necesidades laborais e persoais. Calquers cambio deben notificalo á organización.

3.3 Os establecementos deberán colocar nun lugar visible o material promocional e corporativo do concurso, a enumeración dos locais participantes, un cartel publicitario, unha fuma e uns tacos de votación para que o público poida valorar a proposta feita por cada local.

3.4 Ademais, os establecementos participantes deberán:

a) Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a hamburguesa coa que participan no concurso.

b) Dar un informe final sobre o número de hamburguesas servidas e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de mellorar as futuras edicións do mesmo.

4. A MINI HAMBURGUESA

4.1 As mini hamburguesas deberán empregar como ingrediente principal CARNE DE TENREIRA GALEGA SUPREMA OU CARNE DE VACA, e outros produtos de calidade da nosa terra, tratando a preparación de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias pero mantendo as materias primas e o espírito da nosa gastronomía.

Na súa valoración terán especial consideración:

- A elaboración
- A presentación
- O sabor
- A orixinalidade / Uso produto local / Calidade do servizo.

Ademais na hamburguesa que sexa elaborada con produtos procedentes da produción local valorarase especialmente a promoción e a innovación que se consiga a través da conxunción do sector produtivo primario e a hostalería, xa que logo entre os obxectivos do programa está poñer en valor o produto local de calidade e promocionalo.

5. PARTICIPANTES

5.1 Concursan os establecementos de hostalería radicados dentro do termo municipal. Para os establecementos participantes crearáselle, de solicitalo, unha conta na web que permita a localización do seu negocio en Google Maps e un enlace á páxina web da iniciativa en Facebook, sen custe para eles. Neste sentido, aproveitarase a infraestrutura existente das edicións pasadas, soamente para os interesados que desexen continuar participando.

Os establecementos participantes nesta I edición do CAMBURGUER son os seguintes:

1. Casa Sánchez: "A Ele Efe".
2. Hostal Carpinteiras: "Labreguiña"
3. Pub Quirós: "Quirós Burguer"
4. Bar Centro: "Burguermaster"
5. Bar Desito: "Purple Burguer"
6. Bruxas e Coruxas: "Lúa do Bruxas"
7. Bar Gallecia: "Galleburguer"
8. O Recanto: "Cambotiña do Recanto"
9. A Esmorga: "Burguer da Nuelia"

6. PREMIOS

6.1 Nesta edición establécese dúas categorías de premios: o premio do público e outro para os locais participantes.

6.2 Modelos de cupóns de valoración do público. O premio do público determinarase polo coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre as papeletas depositadas na urna. A mellor mini hamburguesa será a que maior coeficiente acade como resultado desa división, determinando así a 1ª, 2ª e 3ª mellor mini hamburguesa, sendo necesario contabilizar un mínimo de 40 cupóns do público.

6.3 PREMIOS DO PÚBLICO:

Papeletas de votación: Cada establecemento terá un talonario. As papeletas terán que estar cubertas polo cliente cumprimentando todos os datos, de non ser así a papeleta non será contabilizada. Nela poderán valorar a tapa do 1 ó 5, en 3 parámetros (Calidade/Prezo, Presentación e Sabor) e será depositada na urna. Poderán utilizar unha papeleta por tapa consumida. Cada papeleta debe ser depositada no local no que se consumiu a tapa, non se admiten como válidas as papeletas depositadas nunha urna distinta á do local no que se consumiu a tapa obxecto de valoración.

Os premios para os establecementos ganadores serán uns diplomas acreditativos aos tres primeiros. A maiores, realizarase un video promocional no que o tempo de duración se distribuirá da seguinte maneira:

O 50% de xeito proporcional a todos os participantes e o 50% restante será proporcional ao resultado obtido das votación dos consumidores/as.

Entre todas as papeletas, o público poderá optar mediante sorteo de distintos lotes de produtos de alimentación.

A data de entrega de premios aos establecementos gañadores e o sorteo dos gañadores entre o público participante realizarase nun acto conxunto e programado en coordinación cos negocios participantes.

7. PUBLICIDADE

7.1 Con esta I edición de Camburger de Rodeiro temos una magnífica oportunidade para dar a coñecer os produtos locais e incentivar a visita ao Concello, contribuíndo deste xeito a dinamización económica e social.

7.2 A organización equipará a cada establecemento con carteis A3 con a publicidade do evento, cupóns de votación para os seus clientes e urnas de cartón para o seu depósito. Traballarase cos perfiles en redes sociais coa información detallada do evento (participantes, premios, tapas, localización, etc). Tamén faremos promoción do evento a través de diferentes medios de comunicación.

MODELO DE TALÓN DE VOTACIÓN



CAMBURGUER

DATOS DO VOTANTE (OBRIGATORIO)

Nome e apelidos

Teléfono

Nome do local

Puntuación (do 1 ao 5)

Calidade/prezo Presentación Sabor

*Só serán válidos aqueles votos que teñan cumprimentados todos os datos persoais que se requiren ó votante, que só poderá exercer un voto por local cunha única puntuación sinalada. Todos os votantes que non cumpran estas condicións quedarán invalidados de cara ó concurso.

  @rodeiro_gastronomico

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 561,63 € E 74,17 €
Por consumos eléctricos do alumeadado e bombeo do S.UR.ND.I-1,
s/facturas núm. PI25142000138825 e PI25142000138855 (FACe).

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 28,00 € E 30,13 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7G70000843 e TA7G70000850 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 31,13 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 39,00 €
Por adquisición de cafeteira para dependencias municipais, s/factura núm. 13499.
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 1.815,00 €
Honorarios por confección de anteproxecto de “*Mellora do depósito de abastecemento de Gorgullóns*”, s/factura núm. 2025/32 (FACe).
- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 276,97 €
Por achega anual ao Fondo, s/factura núm. R/202585 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 56,92 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de marzo de 2025, s/factura núm. 25ZNX0093056 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 800,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Semana Santa 2025*”, s/factura núm. 0925/0000002 (FACe).
- AGROCAMBA V. FARO S.L 277,01 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF) e produtos sanitarios, s/factura núm. 25FV 366.

- RODOIL S.L. 73,04 €, 57,62 €, 158,16 € E 66,86 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC nos meses de febreiro e marzo de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000050, 2025/25/000051, 2025/25/000094 e 2025/254/000096 (FACe).
- VEALSI DEZA S.L.U. 203,50 €
Por traballos de mantemento de vehículo da AVPC, s/factura núm. TL/335/2025.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 2.758,80 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 889.
- RODOIL S.L. 115,84 €, 49,34 €, 465,01 €, 320,11 €, 87,88 €, 133,46 €, 189,15 €, 556,68 €, 259,18 €, 6,45 € E 168,17 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras nos meses de febreiro e marzo de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000052, 2025/25/000055, 2025/25/000056, 2025/25/000057, 2025/25/000058, 2025/25/000059, 2025/25/000097, 2025/25/000100, 2025/25/000101, 2025/25/000102e 2025/25/000104 (FACe).
- RODOIL S.L. 203,46 €
Por subministro de combustible á maquinaria da Mancomunidade no mes de marzo de 2025, s/factura núm. 2025/25/000103 (FACe).
- BISEL DEZA S.L. 439,21 €
Por colocación de espellos en local para actividades deportivas e culturais, s/factura núm. 25/000047.
- RODOIL S.L. 4,01 €, 148,64 €, 4,01 € E 36,31 €
Por subministro de combustible e lavado do camiión de recollida do lixo e da máquina varredora nos meses de febreiro e marzo de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000053, 2025/25/000054, 2025/25/000098 e 2025/254/000099 (FACe).

- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A250288 (FACe).
- AMBIGAL 360 S.L. 1.031,80 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 01-A250346 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 5.887,53 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de marzo de 2025, s/factura núm. 2025/0869 (FACe).
- PAULA RIVELA CABANAS 970,29 €
Por obradoiros de cantos e manualidades no día de Reis, s/factura núm. 003.
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 200,02 €
Por canxe de vale de premiada no “II concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión”, s/factura núm. FC9725-3.
- MARÍA ISABEL SOBRADO OTERO 75,00 €
Por canxe de vale de premiado no “II concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión”, s/factura núm. 01K25000002.
- MARÍA ISABEL SOBRADO OTERO 50,00 €
Por canxe de vale de premiado no concurso “Rodeiro de tapas 2024”, s/factura núm. 01K25000001.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 66,00 €
Por traballos de desbrozadora para o Concello, s/factura núm. K-222.
- GRANITOS DEZA S.L. 188,03 €, 516,77 €, 508,64 € E 2.414,24 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 32/2025, 44/2025, 62/2025 e 74/2025.

- TRANSPORTES ELOY JORGE S.L. 1.379,40 €
Por transporte de material de construción para obras municipais, s/factura núm. T-023.
- ESTRADAS GALEGAS S.L. 504,57 €
Por pintura de paso de peóns no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 2/50117 (FACe).
- MÁIS ESCOLA S.L. 300,00 €, 4.368,00 €, 3.320,00 € e 1.914,30 €
Por servizo de reforzo do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI) nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2025, s/facturas núm. FAC/877, FAC/878, FACTU/885 e FA/895 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 05/05/25.*
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 68,50 €
Por subministro de luminarias para o Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. 7/25 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 05/05/25.*
- MIGUEL CONDE VALES 466,83 €
Por traballos de reparación de enreixado no Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. C-201800741 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 05/05/25.*
- SERVIUM SISTEMAS S.L. 4.544,60 €
Por traballos de reparación da caldeira de calefacción do Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. 2025/67 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 05/05/25.*

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- RODOIL S.L. 439,00 € E 420,38 €
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada nos meses de febreiro e marzo de 2025, s/facturas núm. 2025/25/000060 e 2025/25/000095 (FACe).

- TRADIP LUCENSE S.A. 453,75 €, 907,50 € E 907,50 €
Por alugueres mensuais da furgoneta de transporte, s/facturas núm. 11213, 111348 e 111443 (FACe).
- ELENA TERESA ENRÍQUEZ 260,00 €
Por subministro de diverso material, s/factura núm. V/13 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)